



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



COMUNICADO

Por mor do aforo (caudal) que leva nestes intreos o río Navia, e máis concretamente ao seu paso polo couto de Navia, non se dan as mínimas medidas de seguridade para poder desenvolver a competición prevista, no calendario oficial da Federación Galega de Pesca e Casting, neste vindeiro día 26 de xuño (Selectivo Salmónidos Mosca 1º día). Asemade, as actuais condicións do río, impiden que a competición se desenvolva dentro dunhas condicións de igualdade razoables. Por todo isto; anúlase esta xornada e pásase ao día **10 de xullo de 2021 ao couto de A Labrada, río Lor.**

A competición prevista para esa data neste escenario (Salmónidos Mosca Dúos), dentro das solucións que atopemos coa administración autonómica, será adiada ao mesmo ou noutro escenario.

Enfrontámonos a unhas condicións climatolóxicas inesperadas e pouco habituais nesta época do ano. Lamentamos as molestias ocasionadas, non obstante, a Federación Galega de Pesca e Casting antepón sempre a seguridade dos deportistas, e unha razoable equidade na nosa disciplina deportiva, a calquera outra consideración ou circunstancia.

As inscricións xa recibidas para Salmónidos Dúos Mosca seguen en pé ata que se confirme novo escenario (de ser o caso) e nova data. No caso de que algún dos dúos inscritos non puidese participar nesa nova data, reintegraráselle a inscrición. Tamén, se algún dos compoñentes dos dúos inscritos non puidese participar, dáselle ao outro integrante do dúo a posibilidade de mudar de compañeiro.

Javier Méndez Alonso

Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC